



**TRABALLOS DE REPARACIÓN E ADAPTACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE  
DAS ÁREAS DE XOGO INFANTÍS E DOS CIRCUITOS BIOSAUDABLES  
DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**24 setembro 2013**



**TRABALLOS DE REPARACIÓN E ADAPTACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE DAS  
ÁREAS DE XOGO INFANTÍS E DOS CIRCUÍTOS BIOSAUDABLES DO  
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

**1. ANTECEDENTES.**

Dende hai uns anos no Concello de Santiago de Compostela, estanse potenciando os espazos lúdicos infantís así como a creación de circuitos biosaudables para as persoas maiores. Os ditos equipamentos requiren un mantemento que debe ser realizado por profesionais e certificados segundo a normativa vixente.

Máis do 50% das áreas actuais (72 uds) superan os 12 anos de antigüidade, o que fai necesario realizar un estudo en profundidade para coñece-lo seu estado en relación coa normativa aplicable e así realizar aquelas reparacións que sexan necesarias para obte-la certificación correspondente.

**2. OBXECTO.**

Os obxectivos principais deste traballo céntranse na seguridade do conxunto das áreas infantís e dos elementos que integran os circuitos biosaudables.

Ademais de coñece-lo importe económico e obte-lo certificado correspondente que acredeite o cumprimento da normativa, tamén se consegue mellora-lo aspecto estético da área en relación coa súa contorna.

Como obxectivo final, menciona-la necesidade de aplica-la partida orzamentaria asignada para este ano 2013, para cubrir unha primeira fase, por un importe de 125.000€.

**3. PROPOSTA DE INTERVENCIÓN.**

A proposta de intervención divídese en dúas partes ben diferenciadas:

**1ª. Realización dun estudo en profundidade individualizado sobre a situación actual das áreas de xogo infantís e o grado de cumprimento da Normativa vixente en materia de seguridade das áreas de xogo infantís, que é a que de seguido se detalla:**

- Decreto 245/2003 do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.
- UNE 147103:2001 planificación e xestión das áreas e parques de xogo ao aire libre.
- UNE 172001:2004 IN sinalización nas áreas de xogo.
- UNE-EN 1176-1:2008 equipamento das áreas de xogo e superficies. Parte 1. Requisitos xerais de seguridade e métodos de ensaio.



## CONCELLO DE SANTIAGO

- UNE-EN 1176-2:2008 equipamento das áreas de xogo e superficies. Parte 2: requisitos de seguridade e métodos de ensaio adicionais específicos para as randeeiras.
- UNE-EN 1176-3:2008 equipamento das áreas de xogo e superficies. Parte 3: requisitos de seguridade e métodos de ensaio adicionais específicos para os tobogáns.
- UNE-EN 1176-4:2008 equipamento das áreas de xogo e superficies. Parte 4: requisitos de seguridade e métodos de ensaio adicionais específicos para as tirolinas.
- UNE-EN 1176-5:2008 equipamento das áreas de xogo e superficies. Parte 5: requisitos de seguridade e métodos de ensaio adicionais específicos para os carruseis.
- UNE-EN 1176-6:2008 equipamento das áreas de xogo e superficies. Parte 6. requisitos de seguridade e métodos de ensaio adicionais específicos para os balancíns.
- UNE-EN 1176-7:2008 equipamento das áreas de xogo e superficies. Parte7: guía para a instalación, inspección, mantemento e utilización.
- UNE-EN 1176-10:2008 equipamento das áreas de xogo e superficies. Parte 10: requisitos de seguridade e métodos de ensaio adicionais específicos para os equipos de xogo nos recintos totalmente pechados.
- UNE-EN 1176-11:2008 equipamento das áreas de xogo e superficies. Parte 11: requisitos de seguridade e métodos de ensaio adicionais específicos para as redes tridimensionais.
- UNE-EN 1177 revestimento das superficies das áreas de xogo absorbedoras de impactos. Determinación da altura de caída crítica.

O estudio realizarase para un total de 67 áreas de xogo e incluirá a totalidade dos elementos contidos no recinto: valo para o caso de existir, elementos de xogo, cartelería, bancos, papeleiras, fontes, chan amortecedor, etc. Ademais de indica-las posibles carencias, detallará as pezas que hai que reparar ou reposer, os custos, etc.


Relación de áreas de xogo infantís:

- A Gracia.
- A Lavacolla.
- Antón Avilés de Taramancos.
- A Muíña
- A Peregrina (campo da festa).
- A Trisca (praza)
- Alameda
- Alexandre Bóveda.
- Amio
- Aríns (campo da festa)
- As Cancelas.
- Avda. de Coimbra
- Belvís
- Brandía



CONCELLO DE  
SANTIAGO

- Bornais
- Camallóns
- Castiñeiriño (Centro Socio Cultural)
- Choupana
- Doutor Maceira
- Eugenio Granell
- Mestra Victoria Míquez
- Fontiñas I (rúa Berna - rúa Lisboa)
- Fontiñas II (rúa Roma – rúa Varsovia)
- Fontiñas III (rúa París – rúa Estocolmo)
- Granxa do Xesto.
- Lamas de Abade.
- López Ferreiro
- Luis Pasín
- Marrozos (campo da festa)
- Música en Compostela.
- O Valiño.
- Pablo Iglesias
- Parque Xixón
- Colexiata do Sar
- Ponte Pereda
- Praza de León (Vuelvamañana)
- Volta do Castro I (rúa das Arrivadas)
- Volta do Castro II (rúa Ildefonso Sánchez Mera)
- Praza da Constitución.
- San Juan
- San Lourenzo
- Agualada (campo da festa)
- Sta. Marta I (Divino Maestro)
- Avda. Barcelona
- Muíños de Sar
- Pozo da Neve
- Salgueiriños (urbanización)
- Moas de Arriba (Figueiras)
- Lamascal (campo da festa)
- Casa Europa
- Avio
- Sta. Marta II (SUNP-6) (rúa Travesa da Poza)
- Sta. Marta III (SUNP-6) (rúa das Trece Rosas)
- San Lázaro (urbanización)
- Villestros (Roxos)
- Laraño (campo da festa)
- Sta. Marta IV (SUNP-22).
- Mourentáns (Lavacolla)
- Olvido (praza)
- A Muíña (zona cuétara)
- Cornes (Centro Socio Cultural)
- Combarro (SUNP-13)



## CONCELLO DE SANTIAGO

- SUNP-7 (Restollal) 1 (rúa Manuel Vázquez Cacharrón)
- SUNP-7 (Restollal) 2 (rúa Pérez Lugín).
- Figueiras
- Cotaredo
- Lamas de Abade (SUNP-12).

2ª. Adecuar as áreas infantís para adaptalas á Normativa, asegura-lo funcionamento das instalacións, para obte-la calidade estética e técnica, así como a seguridade axeitada nas ditas instalacións, coa posta a punto dos xogos, os chans amortecedores e os restantes elementos que componen a área, reparándoos e/ou substituindo as pezas en mal estado, limpezas, pintados e, en definitiva, todo o considere necesario segundo as especificacións da Normativa correspondente (xa descrita no parágrafo anterior).

A adecuación efectuarase nun total de 52 áreas (que se detallan de seguido) incluíndo a totalidade dos traballos descritos na memoria, que se consideraran cumpridos na súa totalidade unha vez obtida a certificación de conformidade expedida por unha empresa acreditada pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación).

Dos ditos traballos, exceptúase a reparación dos chans amortecedores que conteñen caucho ou lousas, para os que a certificación deberá facer constar que o resto da área cumpre tódolos requisitos agás o chan. Deberase achegar unha valoración económica da súa reparación.

### *RELACIÓN DAS ÁREAS QUE HAI QUE REPARAR.*

- / - A Gracia
- / - A Muíña
- / - A Muíña (Cuétara)
- / - A Peregrina (campo da festa)
- / - Agualada (campo da festa)
- / - Alameda
- / - Alexandre Bóveda
- / - Amio
- / - Arins (campo da festa)
- / - As Cancelas
- / - Avda. Barcelona
- / - Avda. Coimbra
- / - Avio
- / - Belvís
- / - Brandía
- / - Casa Europa
- / - Castiñeiriño (Centro Socio Cultural)
- / - Choupana
- Combarro (SUNP-13)
- / - Cornes (Centro Socio Cultural)
- / - Doutor Maceira



## CONCELLO DE SANTIAGO

- ✓ Figueiras
- ✓ Foniñas I (rúa Berna – rúa Lisboa)
- ✓ Lamas de Abade
- ✓ Lamascal (campo da festa)
- ✓ Laraño (campo da festa)
- ✓ Lopez Ferreiro
- ✓ Luis Pasín
- ✓ Marrozos (campo da festa)
- ✓ Mestra Victoria Míguez
- ✓ Moas de Arriba (Figueiras)
- ✓ Mourentáns (Lavacolla)
- ✓ Muíños de Sar
- ✓ Música en Compostela
- ✓ Olvido (praza)
- ✓ Parque Xixón
- ✓ Pontepereda
- ✓ Pozo da Neve
- ✓ Praza León (Vuelvamañana)
- ✓ Restollal I (SUNP-7) (rúa Manuel Vázquez Cacharrón)
- Restollal II (SUNP-7) (rúa Alejandro Pérez Lugín)
- ✓ Salgueiriños (urbanización)
- ✓ San Juan
- ✓ San Lázaro (urbanización).
- ✓ San Lorenzo.
- ✓ Santa Marta I (Divino Maestro)
- ✓ Santa Marta II (SUNP-6) (rúa Travesa da Poza)
- ✓ Santa Marta III (SUNP-6) (rúa As Trece Rosas)
- Santa Marta IV (SUNP-22) (rúa Sira Alonso)
- ✓ Villestro (Roxos)
- ✓ Volta do Castro I (rúa das Arrivadas)
- ✓ Volta do Castro II (rúa Ildefonso Sánchez Mera)

### 4. CONDICIÓN TÉCNICAS.

Os traballos e os materiais obxecto da contratación deberanse adaptar ás Normas técnicas UNE/E de seguridade nas áreas de xogo infantís vixentes e sinaladas anteriormente, así como aqueloutras que, durante o transcurso do contrato, se puideran aprobar como Normativa técnica, ordenanza ou lexislación.

### NORMATIVA ADMINISTRATIVA

No relativo a normativa administrativa, o contrato quedará suxeito ao disposto no Prego de cláusulas administrativas elaborado polo Servizo de Contratación municipal.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

### ***PROTECCIÓN, SINALIZACIÓN E INFORMACIÓN DOS TRABALLOS.***

Por se tratar de traballos que, na súa maioría, se desenvolven preto das vías públicas, consideraranse de vital importancia as medidas de seguridade que hai que adoptar durante a súa execución, as cales deberán garanti-la eliminación de riscos para os usuarios e para os mesmos traballadores da obra.

A zona ocupada, acoutarase con cintas ou valos metálicos coa sinalización oportuna.

### ***CONTROL DE CALIDADE.***

O Concello, a través dos Servizos técnicos, resérvase o dereito a rexeita-los elementos e/ou componentes dos ditos elementos que non respecten as especificacións.

Así mesmo, poderá ordena-las análises e os controis de calidade que considere necesarios, efectuados en laboratorios especializados. O custo destes ensaios será responsabilidade do adxudicatario.

### ***PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL.***

É de interese primordial para o Concello de Santiago de Compostela, que o contrato destaque pola especial observancia da protección medioambiental, coa fin de evitar molestias aos cidadáns xa que a actuación, en xeral, desenvolverase moi preto da vía pública.

Por todo o anteriormente exposto e, con independencia da eliminación de residuos que de seguido se propón, a totalidade dos materiais empregados no mantemento e nas reparacións deberase adaptar á normativa vixente, incluíndo os produtos de limpeza, as pinturas, os disolventes e os tratamentos para as madeiras.

Así mesmo, tanto os equipos empregados coma os traballos realizados, deberán cumplir escrupulosamente co disposto na normativa vixente en materia de contaminación acústica.

Os residuos resultantes da realización dos traballos, as embalaxes, os envases, etc, serán retirados polo contratista sen se permiti-la súa permanencia no lugar das obras.

Segundo o establecido no *RD 105/2008 de 1 de febreiro, polo que se regula a producción e xestión de residuos da construcción e demolición (RCDS)* e os requisitos ambientais do Departamento de Parques e Xardíns, as empresas contratistas / subcontratistas das obras deberán:

1. Incluír nos proxectos de execución un “Estudo de xestión dos RCDS” co contido mínimo indicado no artigo 4.1 do Real Decreto 105/2008.



## CONCELLO DE SANTIAGO

2. Xestioná-los RCDS segundo a legislación aplicable e os criterios que lle sexan indicados dende o Departamento de Parques e Xardíns.
3. Dispoñer da documentación que acredite que os RCDS producidos foron realmente xestionados, de se-lo caso na obra ou entragados nunha instalación de valorización para o seu tratamento posterior por un xestor autorizado, nos termos establecidos na legislación e no mesmo estudo de xestión. A dita documentación deberá estar a disposición do Departamento de Parques e Xardíns.

### 5. PRAZO DE EXECUCIÓN.

Para levar a cabo a execución dos traballos, considérase suficiente un prazo de **3 meses**, que comezará a contar dende a data da sinatura da ACTA DE COMPROBACIÓN DO INICIO DAS OBRAS.

### 6. ORZAMENTO.

UDS.	CONCEPTO	PREZO UNITARIO	TOTAL
67	Ud. Áreas de xogo infantís para a realización dun estudo sobre o estado actual e a súa adaptación á Normativa vixente.	200	13.400€
52	Ud. Áreas de xogo infantís para reparar, segundo o descrito nos pregos (incluída a man de obra e os materiais).	1.504	78.208€
52	Certificacións emitidas nos termos indicados nos pregos.	225	11.700€
SUBTOTAL			103.308€
IVE (21%)			21.694,68€
ORZAMENTO TOTAL			125.002,68€



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Ascende o orzamento total (IVE incluído) á cantidade de **cento vinte e cinco mil dous euros con sesenta e oito céntimos (125.002,68€)**.

*Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2013.*

*O xefe do Departamento de Parques e Xardíns*



*Asdo. José A. Mosquera Rodríguez*